



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA SEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (21/2024)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e vinte minutos do día seis de xuño de dous mil vinte e catro, reúnen-se, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, os Sres. Concelleiros: D. Alberto Cortizas Rejo, D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas. Non falta ninguén. Actúa como Secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 29 de maio de 2024
2. Aprobación da relación de facturas núm. 031XRRSEad/2024
3. Aprobación da relación de facturas núm. 032XRRSE/2024
4. Aprobación de certificacións de obra
5. Aprobación de formalización de convenios de colaboración para o financiamento das actuacións e investimentos incluídos na vixente base de execución do orzamento núm. 14 para o ano 2024, prorrogado de 2023

1.APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 29 DE MAIO DE 2024

O Sr. Alcalde preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 29 de maio de 2024 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 031XRRSEAD/2024

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a factura a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente nos expedientes electrónicos relacionados con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a factura incluída na relación delas n.º 031XRRSE/2024, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

PRIMEIRO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integran na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	31XRRSE/2024 CON AD
Importe total	2.722,50€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro da factura	F/2024/824

TERCEIRO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 032XRRSE/2024

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 032XRRSE/2024, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesarios para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondentes aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	032XRRSE/2024
Importe total	9.827,02€
Número de facturas e gastos que contén	2
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2024/820
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2024/1015

TERCEIRO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4. APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA

4.1 O Sr. Secretario-interventor dá conta das certificacións de obras, actas, informes, resto de documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico, e que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Nº Expediente: 2023/C003/000004

Asunto: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA

Obxecto: EXECUCIÓN OBRA M.C R. PARROQUIAS VAL XESTOSO, VILACHÁ e SAN FIZ

Logo de ver as certificacións presentadas polo contratista, Construcciones Ponciano Nieto, S.L., correspondentes ao proxecto nomeado, M.C.R. PARROQUIAS VAL XESTOSO, VILACHA e SAN FIZ, financiado polo Plan POS+ Adicional 2a/2023, informe de fiscalización do gasto da Intervención e o resto da documentación do expediente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación segunda (2ª), da obra nomeada "Mejora capa de rodaje caminos de las parroquias de Val Xestoso, Vilachá e San Fiz", presentada polo contratista,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Construcciones Ponciano Nieto, S.L, expedida por Antonio López Rodríguez, arquitecto director das obras, por importe de 33.677,61€ (Ive incluído ao 21%) e a súa documentación anexa (relación valorada, fotografías, declaración, acta de recepción e factura).

2. Aprobar a certificación final da citada obra, expedida por Antonio López Rodríguez, arquitecto director das obras, por importe de 0.00€, e a acta de medición final.
3. Aboarlla ao contratista, Construcciones Ponciano Nieto, S.L., e remítalas á Deputación Provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.2 O Sr. Secretario-interventor dá conta das certificacións de obras, actas, informes, resto de documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico, e que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Nº Expediente: 2023/C003/000003

Asunto: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA

Obxecto: EXECUCIÓN OBRA M.C R. PARROQUIAS SAN FIZ E STA XIA

Logo de ver as certificacións presentadas polo contratista, Excavaciones Santiños, S.L., correspondentes ao proxecto nomeado, M.C.R. PARROQUIAS SAN FIZ e STA XIA, financiado polo Plan POS+ Adicional 2a/2023, informe de fiscalización do gasto da Intervención e o resto da documentación do expediente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación 1ª e única, da obra nomeada "Mejora capa de rodaje caminos de las parroquias de San Fiz e Santa Xiá", presentada polo contratista, Excavaciones Santiños S.L, expedida por Antonio López Rodríguez, arquitecto director das obras, por importe de 205.042,97€ (Ive incluído ao 21%) e a súa documentación anexa (relación valorada, fotografías, declaración, acta de recepción e factura).
2. Aprobar a certificación final da citada obra, expedida por Antonio López Rodríguez, arquitecto director das obras, por importe de 0.00€, e a acta de medición final.
3. Aboarlla ao contratista, Excavaciones Santiños S.L., e remítalas á Deputación Provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5. APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS E INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NA VIXENTE BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NÚM. 14 PARA O ANO 2024, PRORROGADO DE 2023

O Sr. Alcalde informa de que xa entrou en vigor o expediente de modificación das Bases de Execución do Orzamento, que se trata de aprobar os convenios-tipo para as subvencións nominativas como sempre e dá conta da súa proposta de acordo con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a base núm. 14 das de execución do orzamento para o ano 2024, prorrogado do 2023, deste Concello, as subvencións nominativas que recolle, o proxecto de convenio tipo e os modelos de anexos de xustificación I, II e III que constan como anexo, para formalizar os correspondentes convenios de colaboración, proponse:

Aprobar a formalización dos convenios de colaboración para o financiamento dos gastos das actuacións que se recollen na base núm. 14 das de execución do orzamento deste Concello para o ano 2024, prorrogado do 2023, que se reproduce a continuación, coas entidades que se indican de seguido para que se realicen durante o ano 2024 as actividades, e cos importes e obxectos ou finalidades que tamén se expresan.

ENTIDADE BENEFICIARIA	CONCEPTO	IMPORTE
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 326.48000		
Consello de Anciáns de Xestoso	Uned Sénior	2.000,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		2.000,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 334.48000		
CPI “Virxe da Cela”	Programa ocupación tempo libre	2.000,00
Grupo folclórico, cultural e deportivo “Virxe da Cela”	Actividade asociación cultural	2.000,00
Grupo folclórico, cultural e deportivo “Virxe da Cela”	Carpa festival folclórico	1.089,00
Consello de Anciáns de Xestoso	Viaxes culturais	500,00
Asociación Veciños Santa María de Vilachá	Gastos de mantemento, reparación, conservación e funcionamento do	1.500,00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

	local social e entorno e instalacións e de realización de actividades	
Asociación Veciños Taboada	Gastos de adquisición de equipamento y realización de actividades	1.500,00
ANPA CPI "Virxe da Cela"	Actividades culturais, de tempo libre e esparcemento	3.489,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		12.078,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.48000		
Comisión de Festas de Queixeiro	Festas do Rosario	1.600,00
Comisión de Festas de Queixeiro	Festas de San Antonio	1.600,00
Comisión de Festas de Vilachá	Festas de Santa Lucía	1.600,00
Comisión de Festas de Vilachá	Festas de Nosa Señora da Asunción	1.600,00
Comisión de Festas de San Fiz	Festas de San Pedro Fiz	400,00
Comisión de Festas de San Fiz	Carpa actividade festiva en xuño	1.200,00
Comisión de Festas de San Fiz	Festas da Pascua	1.600,00
Asociación Veciños Taboada	Festas de Santa Mariña	1.600,00
Comisión de Festas de San Bartolomeu	San Bartolomeu	1.600,00
Comisión de Festas de Val de Xestoso	Festas de San Pedro	400,00
Comisión de Festas de Val de Xestoso	Festas da Nosa Sra. dos Remedios	400,00
Comisión de Festas de Val de Xestoso	Carpa actividade festiva do 23-3-2024	1.200,00
Comisión de Festas da Cela	Festas da Cela	3.100,00
Comisión de Festas de Lagares	Festas de San Xiao	2.500,00
Sociedade Coop. do Val de Xestoso	Feira do Grelo	7.200,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		27.600,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 341.48000		
Club Deportivo Concello de Monfero	Actividade de fútbol sala e ciclismo	4.000,00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Fútbol Club Monfero	Actividade club	4.500,00
ANPA CPI Virxe da Cela	Actividades deportivas	1.200,00
Club V.S. Competición	Competición automobilística	500,00
Club Pantín Competición	Competición automobilística	500,00
Sociedade Deportiva de Cazadores de Xestoso	Actividade asociación cinexética	600,00
Sociedade de Caza Virxe da Cela	Actividade asociación cinexética	600,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		11.900,00
TOTAL		53.578,00

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás doce horas e corenta e un minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde

O Secretario